

PROBA DE ACCESO O PRIMEIRO CURSO DE
GRAO PROFESIONAL PARA O CURSO
2020/2021



PROBA, CRITERIOS DE AVALIACIÓN
E LISTAS ORIENTATIVAS



ÍNDICE

PROBA ESPECÍFICA DA ESPECIALIDADE	3
1. DEPARTAMENTO DE CORDA	3
1. Proba Específica de Violín e Violonchelo	3
2. Criterios de Avaliación da Proba específica de Violín e Violonchelo.....	4
2. DEPARTAMENTO DE TECLA E PERCUSIÓN	5
1. Proba Específica por Especialidade (Departamento de Piano/Percusión).....	5
2. Criterios de Avaliación da Proba específica por Especialidade (Departamento Piano/percusión).....	7
3. DEPARTAMENTO DE VENTO	8
1. Proba Específica por Especialidade (Departamento de Vento).	8
2. Criterios de Avaliación da Proba específica por Especialidade (Departamento Vento)	9
PROBA COMÚN DE LINGUAXE MUSICAL	11
1. DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL	11
1. Proba de LINGUAXE MUSICAL.....	11
2. Criterios de Avaliación da Proba Común: Linguaxe Musical	12

ANEXO I

1. ESPECIALIDADE: CLARINETE	14
2. ESPECIALIDADE: FRAUTA TRAVERSA.....	15
3. ESPECIALIDADE: GAITA GALEGA	15
4. ESPECIALIDADE: PERCUSIÓN	16
5. ESPECIALIDADE: PIANO	17
6. ESPECIALIDADE: SAXOFÓN.....	18
7. ESPECIALIDADE: TROMPA	18
8. ESPECIALIDADE: TROMPETA	19
9. ESPECIALIDADE: VIOLONCHELO	19
10. ESPECIALIDADE: VIOLÍN.....	20



PROBA ESPECÍFICA DA ESPECIALIDADE

A proba específica de acceso ao primeiro curso do grao profesional en todas as especialidades instrumentais consistirá na **INTERPRETACIÓN DE TRES OBRAS/ESTUDOS DE TRES ESTILOS DIFERENTES**. Dentro de cada departamento e instrumento existen diversas instrucións que hai que ter en conta e aplicar para o correcto desenvolvemento das probas:

1. DEPARTAMENTO DE CORDA

1. Proba Específica de Violín e Violonchelo

As probas rexeranse pola normativa indicada na Resolución sobre a realización das probas de acceso ao curso académico 2020/2021 nos graos elemental e profesional das ensinanzas de música e de danza publicada o 29 de maio.

Debido ao exposto na resolución citada anteriormente e a aclaración feita na mesma data, para as especialidades de Violín e Violonchelo **AS PROBAS SERÁN TELEMÁTICAS**, xa que o número de aspirantes **NON** supera ao número de prazas. Para a realización destas probas, seguiranse as seguintes instrucións:

VIOLÍN E VIOLONCHELO. PROBA NON PRESENCIAL (de carácter telemático)

- Enviárase, a través dunha aplicación habilitada na páxina web do Conservatorio Profesional de música de Tui, unha gravación de vídeo do repertorio a interpretar; graváranse por obras/movements ou nunha toma única, o que alumno decida para a súa comodidade, pero sempre realizando unha interpretación continua de cada obra/movemento.
- Na mesma aplicación habilitada na páxina web, ademais do/s vídeo/s, esixíranse dous arquivos máis en pdf:
 - a) Un arquivo onde se especifique o repertorio a interpretar.
 - b) Un arquivo có D.N.I. escaneado por diante e por detrás.
- O alumno deberá identificarse verbalmente ao inicio do vídeo/s, especificando o seu nome completo, DNI e Especialidade á que se presenta.
- A gravación do/s vídeo/s farase DE PÉ, de xeito semi-lateral, enfocando a parte dereita do aspirante (nun ángulo de 45° aprox.), onde se vexa o alumno sen interposición do atril, podendo observar a posición das mans e a postura co instrumento:



- As condicións de luz no habitáculo deben ser óptimas para a visualización do vídeo.
- **NON será obrigatorio** interpretar ningunha peza de memoria.
- A imaxe e o son deben corresponderse á mesma toma de vídeo feita polo alumno.
- A tribunal resérvase o dereito de pedir a repetición da gravación ao alumno se fose necesario para a súa correcta visualización e audición.

2. Criterios de Avaliación da Proba específica de Violín e Violonchelo

- a) Manter unha posición corporal adecuada, baseada na relaxación e naturalidade, que permita unha suxeición apropiada do instrumento e que favoreza o manexo do arco, a actividade da man esquerda e a coordinación entre ambos os brazos.
- b) Alcanzar un adecuado nivel expresivo adaptándose ás características estilísticas do repertorio.
- c) Amosar control e seguridade nos cambios de posición.
- d) Utilizar o vibrato como elemento expresivo na interpretación.
- e) Demostrar control da afinación.
- f) Aplicar con control e calidade sonora os diferentes golpes de arco na interpretación.

Táboa de valores:

Criterio de Avaliación	Porcentaxe (%)
a) Postura corporal	15 %
b) Expresividade e estilo	15%
c) Cambios de posición	15 %



d) Vibrato	15%
e) Afinación	20 %
f) Técnica de arco	20 %

2. DEPARTAMENTO DE TECLA E PERCUSIÓN

1. Proba Específica por Especialidade (Departamento de Piano/Percusión).

As probas rexeranse pola normativa indicada na Resolución sobre a realización das probas de acceso ao curso académico 2020/2021 nos graos elemental e profesional das ensinanzas de música e de danza publicada o 29 de maio.

Debido ao exposto na resolución citada anteriormente e a aclaración feita na mesma data, para a especialidade de **Piano AS PROBAS SERÁN TELEMÁTICAS**, xa que o número de aspirantes **NON** supera ao número de prazas. No caso da especialidade de **Percusión AS PROBAS SERÁN PRESENCIAIS** debido a que os alumnos aspirantes non posúen os instrumentos necesarios para a realización das probas no seu domicilio. Para a realización destas probas, seguiranse as seguintes instrucións:

PERCUSIÓN. PROBA PRESENCIAL

- O tribunal chamará aos aspirantes por orde alfabético e individual, **esixindo o DNI** e seguindo a normativa sanitaria especificada pola consellería; poderase alterar esta orde por petición dun aspirante logo da debida xustificación e aceptación por parte do tribunal. Tamén poderase modificar a orde establecida no caso de necesidade organizativa do Centro.
- Cada alumno terá 15 minutos de quecemento.
- O aspirante decidirá a orde das pezas a interpretar, e fará entrega de 1 copia das mesmas ao tribunal.
- Interpretaranse obrigatoriamente as tres pezas presentadas; o tribunal poderá decidir se a interpretación das pezas é íntegra ou un fragmento.
- **NON será obrigatorio** interpretar ningunha peza de memoria.
- A duración mínima da proba será de 10 minutos, non habendo tempo límite. O tribunal pode decidir cando ten criterios suficientes para avaliar correctamente a cada aspirante.
- A proba realizarase de modo individual sen ningún tipo de acompañamento.



PIANO. PROBA NON PRESENCIAL (de carácter telemático)

- Enviárase, a través dunha aplicación habilitada na páxina web do Conservatorio Profesional de música de Tui, unha gravación de vídeo do repertorio a interpretar; gravárase por obras/movements ou nunha toma única, o que alumno decida para a súa comodidade, pero sempre realizando unha interpretación continua de cada obra/movemento.
- Na mesma aplicación habilitada na páxina web, ademais do/s vídeo/s, esixíranse dous arquivos máis en pdf:
 - c) Un arquivo onde se especifique o repertorio a interpretar.
 - d) Un arquivo có D.N.I. escaneado por diante e por detrás.
- O alumno deberá identificarse verbalmente ao inicio do/s vídeo/s, especificando o seu nome completo, DNI e Especialidade á que se presenta.
- A gravación do vídeo farase de maneira lateral onde se vexa o alumno e o teclado do piano, podendo observar a posición das mans ante o teclado e a postural ante o instrumento:



- **NON será obrigatorio** interpretar ningunha peza de memoria.
- As condicións de luz no habitáculo deben ser óptimas para a visualización do vídeo.
- A imaxe e o son debe corresponderse á mesma toma de vídeo feita polo alumno.
- A tribunal resérvase o dereito de pedir a repetición da gravación ao alumno se fose necesario para a súa correcta visualización e audición.



2. Criterios de Avaliación da Proba específica por Especialidade (Departamento Piano/percusión)

- a) Amosar control corporal, adoptando unha posición que permita a correcta interpretación do repertorio ante o instrumento. Neste criterio avaliarase que o aspirante teña unha posición e un esforzo muscular adecuado á dificultade e á interpretación das obras.
- b) Interpretar o repertorio respectando o texto das pezas e axustándose ás indicacións. Con este criterio avaliarase a capacidade de lectura e rigor na interpretación do instrumento.
- c) Interpretar un repertorio básico integrado por 3 obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade axeitada a este nivel (no Anexo de este documento recóllese unha lista de obras orientativas). Neste criterio avaliarase a capacidade do aspirante para interpretar obras de diferentes estilos e aplicar os criterios estéticos correspondentes a cada época.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas dentro das esixencias do repertorio obras presentado. Neste criterio avaliarase a habilidade e coñecemento do aspirante para manexar as posibilidades sonoras do seu instrumento adaptadas ao programa presentado.
- e) Executar con variedade sonora o repertorio elixido, empregando matices, articulacións, dinámicas e indicacións agónicas presentes nas obras interpretadas. Neste criterio avaliarase o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- f) Posuír capacidade comunicativa e artística no programa presentado durante a súa execución ante o tribunal. Neste criterio valorarase a madurez musical do aspirante e a súa capacidade artística individual.

Táboa de valores:

Criterio de Avaliación	Porcentaxe (%)
a) Control corporal, posición do intérprete ante o instrumento	10 %
b) Fidelidade ao texto	20 %
c) Repertorio integrado por 3 obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade axeitada ao nivel	20 %
d) Posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas na interpretación individual	15%
e) Variedade na realización de matices, articulacións e indicacións dinámicas e agónicas	20 %
f) Capacidade artística e comunicativa	15 %



3. DEPARTAMENTO DE VENTO

1. Proba Específica por Especialidade (Departamento de Vento).

As probas rexeranse pola normativa indicada na Resolución sobre a realización das probas de acceso ao curso académico 2020/2021 nos graos elemental e profesional das ensinanzas de música e de danza publicada o 29 de maio.

Debido ao exposto na resolución citada anteriormente e a aclaración feita na mesma data, para a especialidade de **Clarinete, Saxo, Trompa e Trompeta AS PROBAS SERÁN TELEMÁTICAS**, xa que o número de aspirantes **NON** supera ao número de prazas. No caso da especialidade de **Gaita e Fruta Traversa AS PROBAS SERÁN PRESENCIAIS** debido a que o número de aspirantes **SUPERA** ao número de prazas ofertadas. Para a realización destas probas, seguiranse as seguintes instrucións:

GAITA E FRAUTA TRAVERSA. PROBA PRESENCIAL

- O tribunal chamará aos aspirantes por orde alfabético e individual, **esixindo o DNI** e seguindo a normativa sanitaria especificada pola consellería; poderase alterar esta orde por petición dun aspirante logo da debida xustificación e aceptación por parte do tribunal. Tamén poderase modificar a orde establecida no caso de necesidade organizativa do Centro.
- Cada alumno terá 15 minutos de quecemento.
- O aspirante decidirá a orde das pezas a interpretar, e fará entrega de 1 copia das mesmas ao tribunal.
- Interpretaranse obrigatoriamente as tres pezas presentadas; o tribunal poderá decidir se a interpretación das pezas é íntegra ou un fragmento.
- **NON será obrigatorio** interpretar ningunha peza de memoria.
- A duración mínima da proba será de 10 minutos, non habendo tempo límite. O tribunal pode decidir cando ten criterios suficientes para avaliar correctamente a cada aspirante.
- A proba realizarase de modo individual sen ningún tipo de acompañamento.

CLARINETE, SAXO, TROMPA E TROMPETA. PROBA NON PRESENCIAL (de carácter telemático)

- Enviarase, a través dunha aplicación habilitada na páxina web do Conservatorio Profesional de música de Tui, unha gravación de vídeo do repertorio a interpretar; gravaranse por obras/movements ou nunha toma única, o que alumno decida para a súa comodidade, pero sempre realizando unha interpretación continua de cada obra/movemento.



- Na mesma aplicación habilitada na páxina web, ademais do/s vídeo/s, esixíranse dous arquivos máis en pdf:
 - e) Un arquivo onde se especifique o repertorio a interpretar.
 - f) Un arquivo có D.N.I. escaneado por diante e por detrás.
- O alumno deberá identificarse verbalmente ao inicio do vídeo/s, especificando o seu nome completo, DNI e Especialidade á que se presenta.
- A gravación do/s vídeo/s farase de xeito semi-lateral, enfocando a parte dereita do aspirante (nun ángulo de 45° aprox.), onde se vexa o alumno sen interposición do atril, podendo observar a posición das mans e a postura co instrumento:



- As condicións de luz no habitáculo deben ser óptimas para a visualización do vídeo.
- **NON será obrigatorio** interpretar ningunha peza de memoria.
- A imaxe e o son deben corresponderse á mesma toma de vídeo feita polo alumno.
- A tribunal resérvase o dereito de pedir a repetición da gravación ao alumno se fose necesario para a súa correcta visualización e audición.

2. Criterios de Avaliación da Proba específica por Especialidade (Departamento Vento)

- a) Amosar o control corporal, adoptando unha posición que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento. Neste criterio avaliarase que o aspirante teña unha posición e un esforzo muscular adecuado á dificultade e á interpretación das obras, para que estas non se vexan afectadas.
- b) Usar correctamente a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión e flexibilidade do son. Neste criterio avaliaranse estes elementos, a fin de poder obter unha execución correcta en canto ás posibilidades sonoras do instrumento. En canto a especialidade instrumental de Gaita Galega, ademais do descrito anteriormente para todos os



instrumentos da familia, como a Gaita posúe un fol controlado polo brazo que se combina xunto coa insuflación, terase en conta o control do “tempero” entre estes dous movementos musculares para a correcta emisión e flexibilidade do son.

- c) Interpretar un repertorio básico integrado por 3 obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade axeitada a este nivel (no Anexo de este documento aparece unha Lista Orientativa de Obras). Neste criterio avaliarase a capacidade do aspirante para interpretar obras de diferentes estilos e aplicar os criterios estéticos correspondentes a cada época, así mesmo obter información do coñecemento do repertorio da especialidade por parte do aspirante.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas, dentro das esixencias das obras presentadas, na interpretación individual. Neste criterio avaliarase a habilidade e coñecemento do aspirante para manexar as posibilidades sonoras do seu instrumento adaptadas ao programa presentado.
- e) Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar os matices e expresión á interpretación musical, así como un coñecemento de articulacións, matices dinámicos e agóxicos nas obras presentadas. Neste criterio avaliarase o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades, así como o coñecemento e aplicación dos criterios estéticos de cada obra presentada.
- f) Posuír capacidade comunicativa e artística no programa presentado durante a súa execución ante o tribunal. Neste criterio valorarase a madurez musical do aspirante e a súa capacidade artística individual.

Táboa de valores:

Criterio de Avaliación	Porcentaxe (%)
a) Control corporal, posición do instrumentista e o instrumento	15 %
b) Respiración, embocadura, flexibilidade e emisión do son	15%
c) Repertorio integrado por 3 obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade axeitada a este nivel	20 %
d) Posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas na interpretación individual	15%
e) Son estable, matices e expresión (articulacións, matices dinámicos e agóxicos).	20 %
f) Capacidade artística e comunicativa	15 %



PROBA COMÚN DE LINGUAXE MUSICAL

O exercicio correspondente á segunda parte da proba **consistirá exclusivamente nun EXERCICIO CONXUNTO DE LECTURA RÍTMICA E ENTOACIÓN** que será o mesmo, tanto para os aspirantes que deban realizar a proba de xeito non presencial como para os que concorran presencialmente. Este exercicio farase público na páxina web do Conservatorio Profesional de Música de Tui **como mínimo cunha antelación de 48 horas ao inicio das probas (luns 22 de xuño ás 11:15)**

1. DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL

1. Proba de LINGUAXE MUSICAL

As probas rexeranse pola normativa da Resolución sobre a realización das probas de acceso ao curso académico 2020/2021 nos graos elemental e profesional das ensinanzas de música e de danza telemáticas.

Debido ao exposto na resolución citada anteriormente e a aclaración feita na mesma data, para a especialidade de **Piano, Violín, Violonchelo, Clarinete, Saxo, Trompa e Trompeta AS PROBAS SERÁN TELEMÁTICAS**, xa que o número de aspirantes **NON** supera ao número de prazas. No caso da especialidade de **Gaita, Frauta Traversa e Percusión AS PROBAS SERÁN PRESENCIAIS** e realizadas **na mesma sesión A CONTINUACIÓN DA PROBA INSTRUMENTAL**. Para a realización destas probas, seguiranse as seguintes instrucións:

PROBA PRESENCIAL

- O tribunal chamará aos aspirantes por orde alfabético e individual, seguindo a normativa especificada. Se ben, poderase alterar esta orde por petición dun aspirante, logo da debida xustificación, e aceptación por parte do tribunal. Tamén poderase modificar a orde establecida no caso de necesidade organizativa do Centro.
- A lección rítmico-melódica a interpretar na proba será colgada na páxina web do centro como mínimo con 48 horas de antelación á realización da proba (presencial ou telemática)
- O aspirante realizará dito exercicio sen acompañamento pianístico e respectando as indicacións de tempo e de agóxica.
- A duración da proba será o tempo que cada aspirante precise para a súa lectura.



- Para a interpretación do exercicio rítmico-melódico por parte dos aspirantes presenciais, o tribunal daralle de referencia a escala e os grados tonais da tonalidade do exercicio.

PROBA NON PRESENCIAL

- Enviarase, a través dunha aplicación habilitada na páxina web do Conservatorio Profesional de música de Tui, unha gravación do exercicio rítmico-melódico na que o aspirante realice unha interpretación continua do mesmo.
- O alumno deberá identificarse verbalmente ao inicio do vídeo/s, especificando o seu nome completo, DNI e Especialidade á que se presenta.
- A gravación do vídeo realizarase enfocando a parte superior do aspirante (de cintura para arriba) onde se poida apreciar perfectamente o rostro e mans.
- As condicións de luz no habitáculo deben ser óptimas para a visualización do vídeo.
- A imaxe e o son debe corresponderse á mesma toma de vídeo feita polo alumno.
- A tribunal resérvase o dereito de pedir a repetición da gravación ao alumno se fose necesario para a súa correcta visualización e audición.

2. Criterios de Avaliación da Proba Común: Linguaxe Musical

- a) Manter o pulso durante a execución do exercicio rítmico-melódico. Este criterio ten por obxectivo avaliar unha correcta interiorización do pulso que permita unha execución correcta do exercicio.
- b) Executar as estruturas rítmicas do fragmento proposto para a proba dun modo axeitado e á velocidade da indicación metronómica, así coma realizar as equivalencias escritas no exercicio. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para encadear diversas fórmulas rítmicas en distintos tipos de compases, aplicando as equivalencias e coma respectando as indicacións metronómicas.
- c) Entoar con seguridade e corrección o exercicio rítmico-melódico proposto. Con este criterio trátase de avaliar a adecuada emisión vocal, a corrección na afinación de intervalos adecuados ao nivel e a fluidez na execución vocal que amosa o aspirante.
- d) Interpretar o exercicio respectando o texto, amosando e axustándose ás indicacións propostas. Con este criterio avaliarase a capacidade de lectura, o rigor na interpretación e a madurez do aspirante no estudo previo.
- e) Realizar unha interpretación e expresión estable e coherente, empregando os matices e a expresión axeitada, matices dinámicos e agónicos, dentro do rexistro e extensión do exercicio. Neste criterio avaliarase o control da voz do aspirante e a utilización das súas posibilidades auditivas, así como o dominio e aplicación dos criterios interpretativos do exercicio.



Táboa de valores:

Criterio de Avaliación	Porcentaxe (%)
a) Manter o pulso correctamente ao longo da interpretación.	20 %
b) Executar as estruturas rítmicas do fragmento, atendendo ás equivalencias e ás indicacións metronómicas.	25%
c) Entoar con seguridade e corrección o exercicio proposto	25 %
d) Manter fidelidade ao texto na interpretación	10%
e) Interpretación e expresión estable e coherente empregando os matices e a expresión axeitada (matices dinámicos e agónicos)	20 %



ANEXO I - LISTAS ORIENTATIVAS

1. ESPECIALIDADE: CLARINETE

CLASICISMO:

2 movementos a elexir polo alumno/a:

- | | |
|-----------------------|----------------|
| - Divertimento nº 1-5 | W.A. MOZART |
| - Sonatas nº 1-5 | J.X. LEFEVRE |
| - Sonata en Mi b M. | J.B. VANHAL |
| - Sonata en La m. | G.Ph. TELEMANN |

1 movemento a elexir polo alumno/a:

- | | |
|-----------------------------|-------------|
| - Conciertos nº 1-4 | J.M. MOLTER |
| - Concierto nº 3 en Si b M. | C. STAMITZ |
| - Concierto en Si b M. | J. STAMITZ |

ROMANTICISMO:

- | | |
|-----------|-------------|
| - Romance | L. SPOHR |
| - Romance | R. STRAUSS |
| - Adagio | C. BAERMANN |

1 movemento a elexir polo alumno/a:

- | | |
|----------------------------|-------------|
| - Piezas de Fantasía Op.73 | R. SCHUMANN |
| - 3 Romanzas Op.94 | R. SCHUMANN |
| - Piezas de Fantasía Op.43 | N.W. GADE |

ESTILOS POSTERIORES AL ROMANTICISMO:

- | | |
|---------------|------------|
| - Romance | M. REGER |
| - Petit Piece | C. DEBUSSY |
| - Fantasía | C. NIELSEN |
| - Romance | E. GERMAN |

Dous movementos a elexir polo alumno/a:

- | | |
|--------------------------|-------------|
| - Four Short Pieces | H. FERGUSON |
| - Five Bagatellas | G. FINZI |
| - Piezas Características | F. BUSONI |
| - Petit Concert | D. MILHAUD |



2. ESPECIALIDADE: FRAUTA TRAVERSA

Barroco:

- Sonata Nº1 L´Henriette /M. Blavet.
- Sonata en Fa Mayor / A. Vivaldi
- Sonata en Sol menor /G.Haendel

Clásico:

- Andante en Do Mayor / W. Mozart.
- Danza de los Espíritus bienaventurados / Ch. Gluck
- Sonata en Sib Mayor / L. Beethoven

Siglo XIX-XX:

- Sicilienne / G. Fauré
- Berceuse / G. Faure
- El Pequeño negro / C. Debussy
- Los niños están jugando / C. Nielsen

3. ESPECIALIDADE: GAITA GALEGA

O repertorio podrá ser Tradicional ou de autor, a continuación algunha obra orientativa.

TRADICIONAL

- Muiñeira de Poio (Tradicional)
- Xota de Pontevedra (Tradicional)
- A Carrasqueira (Tradicional)
- Aires de Carnaval (Tradicional)
- Jota da Guía (Tradicional)
- Foliada das Rías Baixas(R. dos gaiteiros de Soutelo de Motes) Tradicional
- Foliada dos Morenos (do repertorio dos - Morenos de Lavadores)..Tradicional

AUTOR

- O Soño da Papuxa (E. Fernández)
- Aturuxeira (P. Vaamonde)
- Jota para Nerea (I. Costa)
- As Cereixas de Beade (Moxenas)
- Aires de Pontevedra (R. Portela)
- En Truvias (P. Vaamonde)
- Noites de Lúa na Praia (E. Campos)



4. ESPECIALIDADE: PERCUSIÓN

PERCUSIÓN:

Un estudio de láminas axeitado ao nivel de 4º de elemental.

Un estudio de caixa axeitado ao nivel de 4º de elemental.

Un estudio de timbais ou multipercusión axeitado ao nivel de 4º de elemental.

LAMINAS:

Obra de Xilófono dun nivel de 4º elemental

CAIXA:

Estudios do libro "intermediate sanre drum studies" M.PETERS SOLOS 12,13,14

TIMBAIS(dous timbais):

Estudios 12 ó 13 do libro "Fundamental Method forf timpani" M. PETERS

MULTIPERCUSIÓN:

"Métodos" JORGE PONS VOL. IV

"Métodos" JANSEN VOL IV



5. ESPECIALIDADE: PIANO

BARROCAS:

- Invencións a dúas voces
- Pequenos preludios e Fugas (agás BWV 939, 999)

J.S.BACH
J.S.BACH

ESTUDIOS:

- Estudios Op.32
- Estudios Op.636 (2º caderno)
- Estudios Op.299 (1º caderno)
- Estudios Op.46

H.BERTINI
C.CZERNY
C.CZERNY
E.HELLER

CLASICAS:

- Sonatinas Op.151 nº1, 2, 3, 4 e Op. 168 nº1, 3, 4, 5, 6
- Sonatinas Op.20 nº1, 2, 3, 4, 6
- Sonatinas Op.36
- Sonatinas Op.20 e Op.55
- Sonatinas vienesas

A.DIABELLI
J.L.DUSSEK
M.CLEMENTI
KUHLAW
W.A.MOZART

ROMANTICAS:

- Album para la juventud op 39 (agás Nº1, 6, 7, 15, 16, 24)
- Album para la juventud Op. 68 (12 al 43)
- Piezas líricas Op.12
- Hojas de album Op.124
- Valses Op.39 (agás 3 a 9)

P.TCHAIKOVSKY
R.SCHUMANN
E.GRIEG
R.SCHUMANN
J.BRAHMS

SÉCULO XX:

- Cuentos para la juventud (excepto nº16)
- Valses poéticos nº1, 3
- Variaciones fáciles Op. 51 nº1, 3/Op.40 nº1)
- 3 Gymnopedies (unha delas)
- Preludio (de España Op.165)
- Pequeño negrito
- Danzas de las muñecas
- Piezas Piano Book

E. GRANADOS
E.GRANADOS
D.KABALEVSKY
E.SATIE
I.ALBENIZ
C. DEBUSSY
D.SHOSTAKOVICH
K. BIVEINIS



6. ESPECIALIDADE: SAXOFÓN

SAXOFÓN Mi b

Celine Mandarine	A. Crepin
Kansas City	J. Naulais
Baghira	Ferrer Ferrán

SAXOFÓN Si b

Melopée-	J.lbert
Canción Modal	G.Lacour
Nostalgia	Rafael Grimal

7. ESPECIALIDADE: TROMPA

BARROCO:

-Sonata en Fa	A.CORELLI
-Sonata en Fa	G.F.HÄNDEL

ROMANTICISMO:

-Konzert b Dur	J.D.SKROMP
-Andante	R.STRAUSS
-Romance	C.SAINT-SAÉNS .

COMTEMPORANEO:

-In Irlande	E.BOZZA
-Romance	A.SCRIBIANE
-Habanera and ragtime	E.GREGSON



8. ESPECIALIDADE: TROMPETA

-Piece de Concours I	J.M. DEFAYE
-Sonata en Fa	A.CORELLI
-Aria	J.S.BACH
-Bach Suite	J.S.BACH
-Pieza para concurso	L.PICAVAIS
-Lied	E.BOZZA
-Intrada et rigaudon	H.PURCELL
-Gaminerie	G.FRIBOULET
-Suite no1	G. F. TELEMANN
-Sonata en Si b	J. B. LOILLET
-Vers L`avenir	L. PICAVAIS

9. ESPECIALIDADE: VIOLONCHELO

Estudos de Marderovsky, Lee e Dotzauer

Obras:

MARCELLO, B.: Sonata Nº 2 en Mi menor. "6 Sonates" . Peters. Leipzig, 1958.

MARCELLO, B.: Sonata Nº 5 en La menor. "6 Sonates". Peters. Leipzig, 1958.

VIVALDI, A.: Sonata Nº 3 en La m. "6 Sonates". Schott. Maguncia 1958.

VIVALDI, A.: Sonata Nº 5 en MI m. "6 Sonates". Schott. Maguncia 1958.

FESCH, W: Sonata Nº 1 en Re M

BREVAL, J. B.: Concertino nº 1 en Fa M. Delrieu. Niça, 1932

BRÉVAL, J. B.: Concertino Nº 3 en La. Delrieu. Niça, 1935.

BREVAL, J. B.: Concertino nº 2 en Do M. Delrieu. Niça, 1932

RIEDING, O.: Concierto en Si m op. 35. Bosworth & Com.

SCHUMANN, R.: Traumerei.

SQUIRE, W. H.: "Bourrée" Opus 24. Sheet Music Edition B 2518.

SQUIRE, W. H.: "Tarantela" op. 23 en Re m



Conservatorio Profesional de Música de Tui
Avenida da Concordia S/N Tui
Tlfs: 986604404 - 986601474
cmus.profesional.tui@edu.xunta.es



SQUIRE, W. H.: Dance Rustique op. 20 Nº 5

POPPER,D: "Berceuse" Op 62 Nº 3

POPPER,D.: "Lied" Op. 3 Nº 6

POPPER,D.: "Begenung" Op. 3 Nº 5

POPPER,D: "Gavotte" en Re m Op. 67 Nº 2

OFFENBACH: Barcarolle

10. ESPECIALIDADE: VIOLÍN

- Fiocco: Allegro
- Mollenhauer: The boy Paganini.
- Gingold: Solos for the violin player vol. 1 (Allegro Spiritoso, the Bells)
- Corelli. Sonatas Op.5 (Nº 7, Nº 8, Nº 9)
- Seitz: Concerto nº2 e nº 5
- Kùchler: Concerto en Re M no estilo de Vivaldi (completo)
- Telemann: Concerto en Sol M.
- Vivaldi: Concerto en Sol M. e La m. Seis Sonatas para Violín.
- Haendel: Sonatas en Fa M e Mi M
- Gabriel- Marie: La Cinquantaine
- Dancla: 12 fantasias fáciles (7 e 12)
- Dancla: Kleine Melodie Schule op. 123 Vol. 2